

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de setembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día nove horas e dez minutos de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1052).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(1053).- PROXECTO DE REFORMA DE CUBERTA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS. EXPTE. 13377/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/14, dáse conta do informe-proposta do 24/09/14, do xefe da unidade técnica de Deportes, conformado xuridicamente polo secretario de Admon. Municipal e tamén polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.-

O Estudio de Arquitectura Zaballa y Carballas, SLP, presenta o proxecto de "REFORMA DA CUBERTA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS", cun orzamento base de licitación máis IVE de 158.359 € (cento cincoenta e oito mil trescentos cincoenta e nove euros).

Dito proxecto correspóndese coa contratación da asistencia técnica, por contrato menor executada pola Concellería de Deportes de acordo co expediente de contratación 13338/333.

2.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: rexeráanse, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requerirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado Estudio de Arquitectura Zaballa y Carballas, SLP e asinado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago.

En orde á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

Esta actuación consiste na realización das obras para a subsanación de deficiencias detectadas na instalación, basicamente entrada de augas ou filtracións en varios puntos da cuberta actual. A solución planteada proxecta unha cuberta tipo Deck, aproveitando os faldóns da cuberta

existente e realizando sobre estes o illamento térmico e impermeabilización. Tamén esta previsto colocar un falso teito polo interior a base de chapa perforada, así como o reforzo no sistema estrutural e arriostramentos con perfíles. Se contempla a instalación dunha liña de vida na cuberta que permita nun futuro executar traballos de mantemento na cuberta de maneira segura.

O prazo estimado para a execución das obras descritas será de TRES MESES.

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Unha vez entregado o proxecto básico e de execución, por parte do estudio de arquitectura, o mesmo envíase ao arquitecto municipal D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, para informe en relación co obxecto do proxecto, condicións urbanísticas e prezos. Consta informe de data 29/08/14.

Con data 15/09/2014, previa petición da concellería de Deportes, tamén é informado polo xefa da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Jorge Muñoz Rama, tendo en conta que este informe é preceptivo ao tratarse dunha obra que afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica o previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase preciso informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Consta no expediente informe favorable da Intervención Xeral do Concello de data 19 de setembro de 2014.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

3.- PROPOSTA.-

Polo anteriormente exposto, PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- “Aprobar o PROXECTO DE REFORMA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE TEIS, redactado polo estudio de arquitectura Zaballa y Carballas, SLP, que conta co informe favorable do xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras D. Jorge Muñoz Rama, e ten un orzamento base de licitación de 158.359 € (cento cincuenta e oito mil trescentos cincuenta e nove euros”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

3(1054).- PRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO AOS PREMIOS “REINA SOFÍA” DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DE MUNICIPIOS. EXPTE. 2668/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/09/14, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

O Boletín Oficial do Estado, de data 12 de agosto de 2014, publicou a resolución de data 27 de xuño de 2014 do Real Patronato sobre Discapacidade, pola que se convoca a concesión dos Premios Reina Sofía 2014 de accesibilidade Universal de Municipios.

A finalidade destes premios é recompensar aos municipios que desenrolaron unha labor continuada, non inferior a 5 anos, no campo da accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

A Concellería da Área de Fomento promove a presentación do Concello de Vigo aos devanditos premios, sendo esta Concellería á que lle corresponde centralizar este proxecto e tramitar as necesidades que se precisen xa que, no mesmo, terase en conta principalmente o deseño do centro da cidade, das rúas e beirarrúas e, complementariamente, outras actuacións de accesibilidade.

Polo que á vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar a presentación do Concello de Vigo á convocatoria dos Premios Reina Sofía 2014 de Accesibilidade Universal de Municipios. “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

4(1055).- DESIGNACIÓN PATRÓNS DA FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (AFUNDACIÓN). EXPTE. 11/1102.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 26/09/2014, da secretaria do Goberno Local, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Con data 25 de setembro o Sr. Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal dictou instrucción de servizo co seguinte contido

“Recibida comunicación da Consellería de Economía, nº de documento 140082399, en relación coa asignación ao Concello de Vigo dun membro do novo padroado na Fundación Galicia Obra Social (Afundación), herdeira da obra social das antigas caixas de aforros galegas, segundo o disposto nos Estatutos da Fundación e na inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (sección da Consellería de Facenda), e outorgados ante o Notario D. José Manuel Amigo Vázquez, en escritura pública de elevación a público de acordos, número de protocolo BW5793700, de data 26 de de xuño de 2014.

Sendo necesaria a adopción do correspondente acordo municipal para facer efectivo dito dereito de participación e tras un período de consultas cos voceiros dos grupos políticos municipais, propuxose por unanimidade dos mesmos a designación de D.OSCAR VILLAR DÍAZ, Director da Coral Casablanca, como representante do Concello de Vigo, considerando acreditadas as condicións esixidas nos Estatutos da Fundación.

Polo exposto, emítase a seguinte instrucción de servizo para que, pola Secretaría do Goberno Local, se incoe e tramite expediente administrativo para a adopción de acordo municipal designando a D. OSCAR VILLAR DÍAZ, Director da Coral Casablanca como representante representante do Concello de Vigo no padroado da Fundación Galicia Obra Social (Afundación) nos termos sinalados nos seus Estatutos.”

Segundo a instrucción do Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal concorren na persoa os requisitos esixidos para ostentar a condición do padroado, estatutariamente establecidos, nos seguintes termos:

- *O Padroado estará constituído por dezanove membros segundo a representación recollida nos Estatutos (artigo 12.1).*
- *Non poderán ser padróns os quebrados e concursados non rehabilitados, así como os que foran sancionados por infraccións graves, tendo dita consideración: as que conleven pena privativa de liberdade, as constitutivas de delito fiscal, as de contrabando de maior cuantía e as de evasión de capitais e calquera outra á que o ordeamento xurídico confira expresamente carácter grave apreciado polos tribunais ou órganos administrativos competentes. (artigo 13.1).*
- *O nomeamento non poderá recaer en persoas que exerzan un cargo por mandato representativo, nin incluídas no ámbito de aplicación da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin no persoal eventual ou directivo das corporacións locais, nin en dirixentes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais. Dita limitación faise extensiva ás persoas que tivesen formado parte dos consellos de administración das antigas caixas de aforro galegas (artigo 13.2).*
- *Os patróns deberán ter coñecementos e experiencia en materia económica, financeira ou xurídica, ou en materia social, cultural, científica, artística ou educativa, ou calquera outra que sexa obxecto da actividade da Fundación, que lles permitan adoptar as decisións que afecten á entidade, con coñecemento dos seus posibles efectos e das responsabilidades que asuman (artigo 14.1).*
- *O mandato terá unha duración de cinco anos, renovable por outros cinco (artigo 14.3).*
- *A representación municipal corresponde, en número de 7 patróns, aso sete Concellos de maior poboación de Galicia (artigo 14.1).*

- *O reparto dos votos entre os Concellos realizarase segundo a distribución que se recolle no Anexo dos Estatutos, correspondendo ao Concello de Vigo, na súa condición de concello con maior poboación a maior cota, equivalente a 2,07 (segundo os datos do censo do INE a 01.01.2013).*

Considerando que segundo o disposto no artigo 127.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada ao mesmo pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, corresponde á Xunta de Goberno local a adopción dos acordos relativos á designación dos representantes municipais nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello, emítase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Designar a D. OSCAR VILLAR DÍAZ, Director da Coral Casablanca, como representante do Concello de Vigo no padroado da Fundación Galicia Obra Social, Afundación, nos termos sinalados nos seus Estatutos.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Fundación Galicia Obra Social (Afundación) e á Consellería de Facenda aos efectos oportunos."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos, Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.